

BASES DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES “REDONDELA EN CURTO 2010”

1. A participación no festival está aberta a todos os realizadores/as que sexan maiores de idade.
2. A duración mínima das obras presentadas deberá ser de 4 minutos (240 segundos) e a máxima non superará os 30 minutos.
3. Aceptaranse unicamente os xéneros de ficción, quedando excluídas as obras de carácter institucional, turístico ou publicitario.
4. As curtametraxes poderán ser rodados en calquera sistema de vídeo ou cine. Para a participación no festival, a curtametraxe deberá presentarse en DVD. A proxección será no mesmo formato DVD.
5. Admitirase como máximo unha obra por autor. Esta deberá ser xerada con posterioridade ao **1 de xaneiro do 2008**.
6. As obras deberán entregarse en versión orixinal, e aquelas que o seu idioma non sexa o castelán, deberán levar subtítulos neste idioma (excepto as curtametraxes galegas).
7. Os nomes indicados na ficha deberán coincidir cos que aparecen nos títulos de crédito das obras.
8. Un xurado será o encargado de seleccionar os traballos que pasarán a concurso de entre todas as curtametraxes recibidas.
9. Os gañadores terán que estar presentes na entrega de premios, ben sexa o director ou calquera representante da curtametraxe, pola contra anularase o premio.
10. Quedará exenta toda película que non cumpra as bases.

INSCRICIÓN: O festival celebrarase en abril (fechas exactas por determinar) e os participantes deberán facer chegar as súas copias antes do **8 de marzo do 2010** incluíndo a seguinte documentación:

- Unha copia da obra en DVD con caixa e carátula.
- Tres fotografías en formato dixital de calidade da curtametraxe.
- Unha fotografía en formato dixital de calidade do director ou directora.
- Unha copia do DNI en formato dixital de acódea representante da curtametraxe.
- Calquera outra información de interese (dossier de prensa, cartel, fichas, etc..).

- Toda a documentación enviada (incluídas as cintas de vídeo e/ou DVD's) pasarán a formar parte da organización na videoteca do festival.
- Os gastos derivados do envío do material correrán por conta dos participantes.
- Quen non cumpra os requisitos mínimos de inscrición quedará fóra do concurso.

- A dirección á que deben remitirse os envíos é:

CONCELLO DE REDONDELA C/ Alfonso XII nº2 Redondela - Pontevedra CP. 36800

Á atención de Eduardo Reguera